



"Tú estarás mayor,
no puedes ir a
la mar!"

NADIE MERECE TUS LAGRIMAS 7.....
 Quien las merece, NO TE HARA LLORAR !!!
 LA VIDA ES DEMASIADO CORTA

DATOS PARA DESMENTIR BUCOS

ME SIENTO ^{INTEGRADO} ARROPAO

PERO

↓
 QUÉ INTERESES HAY
 DETRÁS? A qué
 Beneficia??

HAY QUE SE PREGUNTA
 EL MUNDO NO SE CAMBIA DE UN
 DÍA PARA OTRO, PERO SI PARA
 NIE SERA GARANTIA DE ADELANTE

MINIMIZAR LOS EMPAQUES

LA FERIA
 NO TIENE
 MUNDO

HOGAR BOANOITE

O termo “discursos de odio” produce, nun primeiro momento, rexeitamento no grupo. escoitamos que o odio é causa da envexa, que ven da maldade, que quen o profesa carece de honra... Tamén haberá quen apunte que é unha maneira de autodefensa, que “antes de que me ataquen, ataco eu”... Os hai que din que xorde do medo, do medo ao outro, ao descoñecido. Que é causa da preocupación. Ademais, algúns apuntan que o odio non debería existir, que para el non existe, que el non odia.

Ao longo do transcurso da sesión, pensamos que debían ser eles os que comentaran como se senten (tanto na dimensión física, mental, emocional ou relacional) cando escoitan un discurso de odio, tanto contra eles como contra outros e, pouco a pouco, foron comentando e escribindo na ilustración.

Vimos como na maioría dos casos apuntaban que estas situacións se deben á desinformación e que, quen relata eses discursos de odio o fai porque non coñece esas situacións. Como non lles tocou vivir iso, pois tratan de apartalo, ou ben ocultalo, mais, o fan de formas destrutivas, é dicir, mediante os discursos de odio que logo chegarán a máis persoas, polo que máis persoas os interiorizarán e, polo tanto, os compartirán.

Escriben xordeira e a representan con dúas cruces no lugar onde deberían estar as orellas, porque nin escoitamos nin deixamos escoitar. Vivos nun mundo cada vez máis individualizado no que só importa o propio ou aquilo que afecta ao propio. Reiteran que o odio xorde da desinformación, desinformación vendida como verdade absoluta que causa medo entre aquelas persoas que reproducen estes discursos. Medo que se proxecta en odio contra o descoñecido e que só se pode saldar con información. Mais, como ben apuntaba Victoria Ocampo, non se convence máis que aos convencidos.

Volvemos a quen di que non coñece ese termo, o odio, que nunca o sentiu e do que nunca fala. “A min o odio non me afecta” afirma, “nunca utilicei esa palabra” sentencia. Pero, é isto certo?

A medida que avanza a sesión o debate se dispersa, falamos de todo un pouco e nos afastamos do tema central, é aí a riqueza das persoas, coñecer novas historias que marcan aínda sen telas buscado. Vemos como xorde na sala un caso de claro idadeismo, odio que afecta ás persoas por motivo da súa idade, “bótante cando es maior porque xa non rendes o mesmo que unha persoa nova”, “é parte do que toca”. Falta de oportunidades aínda que ti te sintas e sexas válido. Aquí sae o primeiro discurso de odio, ese do que non nos gusta falar e que, en teoría, non nos afecta.

“Síntome integrado, mais non arroupado” comenta en certo punto un dos integrantes. “Aínda que leves aquí toda a vida non te vas a sentir cómodo”. Os discursos de odio

producen iso, unha falsa sensación de inclusión na que sempre te vas a sentir fóra de lugar.

Apuntan aos Medios de Comunicación como principal difusor deste tipo de discursos e falan dos que os reproducen como rabaño, pois repetimos o que escoitamos tanto destes como dos partidos políticos. Falamos, tamén, de como estes discursos afloran ata na cámara do congreso.

O mundo é o que é, iso nos din, e non nos podemos crer quen de cambialo, mais debemos ter claro que podemos aportar o noso gran de area. Debemos ser realistas.

Alábannos, tamén, pola nosa futura profesión, e dinnos que debemos ter vocación, e que temos que centrarnos en “minimizar impactos”, pois se cremos na utopía podemos afastarnos da nosa función. Rebatemos a segunda parte, pois cara a utopía vamos, malia que os discursos de odio intenten frearnos.

En definitiva, vemos que, malia todo, o odio afecta a todas as persoas, sexan a diana do discurso ou simples testemuñas no mesmo, aínda que, cando non é a un mesmo, parecera que non molesta/afecta en absoluto. Pero non é así. “As cousas pasan por algo”, din, e nós non podemos máis que asentir e botarlle a culpa a un sistema que o permite e perpetúa, para manter así o statu quo e asegurarse a súa existencia e permanencia.